

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística

DECLARA

Que o Instituto Galego de Estatística (IGE) ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo (DV) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos a contar desde a data da súa sinatura.

Que este instrumento convencional ten por obxecto regular un programa de prácticas académicas externas entre a UDV e o IGE para contribuír á preparación dos estudantes para o exercicio profesional nas áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria e facilitarlle as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados. Deste xeito, promoveranse o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados universitarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- A UDV ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior mediante actividades propias de docencia e investigación e potenciando a realización de prácticas externas en empresas ou entidades que poidan facilitar á incorporación dos seus estudantes ao mundo laboral.
- Entre as tarefas encomendadas ao IGE nos plans anuais de actuación contemplados no seu Estatuto figuran, dentro do apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas, as prácticas do alumnado universitario
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E, para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 2 de xuño .de 2020.

A Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística
Rosa Elvira Fernández González

